BORRAR FORMULARIO | IMPRIMIR FORMULARIO

EXECUCIÓN DE OBRAS MENORES
RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA

1. DATOS DO INTERESADO/A

DNI-NIF/CIF/NIE:	Nome e apelidos/Razón social:				
Rúa:		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP:	Municipio:	Provincia:	Teléfono:		
Correo electrónico			Fax		

2. DATOS DO REPRESENTANTE

DNI-NIF/NIE	Nome e apelidos				
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono		
Correo electrónico			Fax		

3.DATOS DA PARCELA OU EDIFICACIÓN

Referencia catastral (RC)					
Rúa:		Núm./ Km.	Escaleira	Andar	Porta
Polígono	Parcela	Localización			

4. DESCRICIÓN DAS OBRAS

Descrición das obras:

Data de inicio das obras (se non se indica, entenderase que comezan aos quince días hábiles seguintes de presentar a comunicación)

5.ORZAMENTO DAS OBRAS

Orzamento total:	Orzamento de execución material

Presentar esta comunicación habilita para realizar as obras descritas nas datas sinaladas, pero non dispensa de obter as concesións, autorizacións, licenzas ou permisos que impoñan outras normas.

A comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos/as técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado, xa que non supón a aprobación técnica por parte do Concello nin prexulga a situación e efectivo acomodo das obras á normativa aplicable. Tampouco limita o exercicio das potestades administrativas de inspección e disciplina para o caso de incumprimento.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

BRIÓN____de_____de 20___ Asinado: _____

Aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, AUTORIZO ao Concello de Brión a comprobar telematicamente con outras administracións públicas os datos comunicados e demais circunstancias relativas ás obras que se van executar.

AO SEÑOR ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE BRIÓN

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos municipais de Urbanismo e Servizos Económicos e aos outros do Concello de Brión relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

EXECUCIÓN DE OBRAS MENORES
RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA

Don _____ DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta no presente escrito e que achega a seguinte documentación:

6. DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA

- ☐ Fotocopia do D.N.I.
- ☐ Memoria explicativa valorada das obras que se pretenden realizar
- ☐ De ser o caso, proxecto técnico exixible legalmente asinado por técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que realicen o proxecto.
- ☐ De ser o caso declaración do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que se cumpren en todos os seus termos coa lexislación aplicable incluída a urbanística de aplicación.
- ☐ Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
- ☐ Copia da autorización ou ditame ambiental cando sexan legalmente exixible
- ☐ As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra
- ☐ Concesións administrativas cando sexan legalmente exixibles ao solicitante
- ☐ Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

7. AUTORIZACIÓN (CUBRIR SÓ NO CASO DE QUE O INTERESADO NON SEXA O QUE PRESENTA A DOCUMENTACIÓN)

O indicado arriba como "interesado" autoriza á seguinte persoa para que presente no seu nome esta documentación.

DNI-NIF/CIF/NIE	Nome e apelidos/Razón social			
Rúa	Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfonos	
Correo electrónico			Fax	

BRIÓN____de_____de 20___ Asinado: _____

BORRAR FORMULARIO IMPRIMIR FORMULARIO

AO SEÑOR ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE BRIÓN

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos municipais de Urbanismo e Servizos Económicos e aos outros do Concello de Brión relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

EXECUCIÓN DE OBRAS MENORES
RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA

COMUNICACIÓN DE OBRA MENOR

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros dos departamentos municipais de Urbanismo e Servizos Económicos e aos outros do Concello de Brión relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

DESCRICION

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Porén, será preciso solicitar e obter unha licenza municipal de obra para comezar sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación aplicable:

1. Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
2. As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
3. As demolicións.
4. Os muros de contención de terras.
5. Os grandes movementos de terras e as explanacións.
6. Os parcelamentos, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelamento urbanístico.
7. A primeira ocupación dos edificios.
8. A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.
9. A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a devandita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

Se para o desenvolvemento dunha actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se procedera. Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade.

O uso pode comezar en canto rematen as obras comunicadas que se realicen nunha vivenda ou que non modifiquen substancialmente unha actividade previamente autorizada/declarada/comunicada. Nos restantes casos será necesario presentar unha comunicación de apertura.

INSTRUCIÓNS PARA ENCHER O IMPRESO

1. Datos identificativos do solicitante:
   a. Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
   b. Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
   c. Comunidade de Propietarios: DNI (ou documento que faga as súas veces) do presidente. No caso de que a solicitude a realice o administrador da Comunidade, DNI do administrador e documento que acredite debidamente a súa representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Ademais acta do nomeamento do presidente ou acta da reunión de propietarios acordando a realización das obras.
2. Datos identificativos da parcela:
   a. Identifique a parcela con precisión mediante a referencia catastral. Se isto non fose suficiente, debe achegar a documentación gráfica precisa que a identifique de forma inequívoca.

Lembre imprimir o impreso a dobre cara.

CONSIDERACIÓNS

Dentro dos quince días hábiles seguintes ao da comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a emenda das deficiencias que presente a documentación; neste caso adoptará motivadamente as medidas provisionais que entenda oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable, e comunicarallas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano.

Para máis información pode vostede contactar co Departamento de Urbanismo do Concello

Teléfono: 981 887006

AO SEÑOR ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE BRIÓN